



Materia	Tecnoloxía e Dixitalización.	Curso	2024/25
Profesora	Aurora Romar Gasalla	Nivel	1º ESO

UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN

1ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ● A tecnoloxía. ● Deseño e fabricación. ● Documentación de proxectos. Primeiro proxecto.
2ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ● Utilización das TIC no proceso tecnolóxico. ● Proxecto de estruturas. ● Máquinas e proxectos.
3ª Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> ● Electricidade. ● Programación. ● Sistemas de control e robots.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Serán os que se recollen no apartado 3.2 da Programación Didáctica do Departamento e que serán transmitidos polo profesorado da materia/módulo ao alumnado correspondente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os traballos, tarefas ou actividades non presentados na data correspondente serán cualificados cunha nota de 0.

Os traballos, tarefas ou actividades dos que o alumnado non poida demostrar a autoría serán cualificados cunha nota de 0.

A cualificación de cada unha das tres avaliaci3ns do curso, virá dada pola media ponderada das cualificaci3ns das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación en base aos pesos outorgados a no apartado 3.1 da programaci3n didáctica, de xeito que:

CÁLCULO DA NOTA MEDIA EN CADA AVALIACIÓN	
Instrumento de avaliación	Porcentaxe
Exames, probas escritas ou probas na plataforma EDIXGAL	30%
Exercicios, actividades ou tarefas	40%
Proxecto	30%

Cálculo da nota final do curso:

NOTA FINAL = 35% 1ªaval + 35% 2ªaval + 30% 3ªaval

O alumnado que na nota final do curso, unha vez aplicadas as correspondentes ponderaci3ns, teña acadado unha cualificaci3n de 5 ou máis de 5, terá superada a materia.

No caso de non poder impartir todas a unidades didácticas da materia, o peso correspondente ás mesmas repartirase de forma ponderada no resto das que si foron impartidas.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Ao comezo de cada unha das avaliaci3ns, (segunda e terceira) o profesorado concretará aqueles traballos ou tarefas que o alumnado poderá entregar de novo, dentro dun prazo establecido, para recuperalos ou subir nota. Cando sexa necesario, de cada proba obxectiva escrita, ou realizada na plataforma EDIXGAL, realizarase unha segunda de recuperaci3n. A entrega de traballos ou tarefas non superados e a realizaci3n das probas de recuperaci3n serán obrigatorias para o alumnado que non superara a avaliación anterior, o resto do alumnado poderá realizala de xeito voluntario nos termos establecidos polo profesorado. A cualificaci3n final de cada proba corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.

PROCEDIMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O alumnado que teña a materia de Tecnoloxía e Dixitalización de 1º ESO pendente de superar, poderá recuperala do seguinte modo: distribuirase a materia do curso en dúas partes, de xeito que o alumnado terá que realizar e entregar periodicamente (unha por parte), actividades relativas ás unidades didácticas do curso. Se a alumna ou alumno entrega correctamente esas actividades non terá que facer a proba parcial correspondente a esa parte e a súa nota final será a media aritmética das notas obtidas nos boletíns de actividades. No caso de non entregar, ou entregar as actividades e non estar estas correctas, a alumna ou alumno terá que realizar unha proba obxectiva parcial. Faranse dúas probas parciais (escritas ou na plataforma EDIXGAL), en datas fixadas polo centro que serán publicadas coa suficiente antelación. A nota calcularase coa media aritmética das dúas probas, e considérase que a materia está superada cando a alumna ou alumno obteña unha nota de 5 ou superior. No caso de que a alumna ou alumno non supere a materia deste xeito realizará unha proba final en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos. A recuperación será coordinada pola Xefatura de departamento. O profesor ou profesora que lle imparte clase no curso onde estea matriculado, fará un seguimento do traballo do alumnado. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será a xefa de departamento quen faga o seguimento.